

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**5881** Orde FOM/896/2010, do 6 de abril, pola que se regula o requisito de competencia lingüística e a súa avaliación.

A Organización de Aviación Civil Internacional introduciu, mediante a aprobación da emenda 164 do anexo 1 (Licenzas ao persoal) do Convenio sobre aviación civil internacional do 7 de decembro de 1944, o requisito de competencia lingüística para pilotos de avión e helicóptero e para os controladores de tránsito aéreo. Isto supón a existencia de falar e comprender o inglés ou o idioma utilizado pola estación terrestre coa cal se producen as comunicacións radiotelefónicas.

As autoridades aeronáuticas conxuntas (JAA) trasladaron este requisito ás normas JAR FCL que regulan de maneira harmonizada no ámbito europeo os requisitos para o exercicio das funcións dos pilotos dos avións e helicópteros civís mediante a adopción de dúas emendas ás normas JAR FCL 1 (para pilotos de avión) e 2 (para pilotos de helicóptero).

Por outra parte, o requisito de competencia lingüística para os controladores de tránsito aéreo introduciuse na Unión Europea na Directiva 2006/23/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril de 2006, relativa á licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo, que foi trasposta en España mediante o Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo.

A adaptación do dereito interno ao requisito de competencia lingüística para pilotos efectuouse mediante o Real decreto 241/2009, do 2 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 270/2000, do 25 de febreiro, polo que se determinan as condicións para o exercicio das funcións do persoal de voo das aeronaves civís, así como na Orde FOM/3376/2009, do 26 de novembro, pola que se modifica a Orde do Ministerio de Fomento, do 21 de marzo de 2000, pola que se adoptan os requisitos conxuntos de aviación para as licenzas da tripulación de voo (JAR-FCL) relativos ás condicións para o exercicio das funcións dos pilotos dos avións civís, e na Orde FOM/3619/2009, do 26 de novembro, pola que se modifica a Orde FOM/3811/2004, do 4 de novembro, pola que se adoptan os requisitos conxuntos de aviación para as licenzas da tripulación de voo (JAR-FCL) relativos ás condicións para o exercicio das funcións dos pilotos dos helicópteros civís.

Para aplicar o disposto nestas normas cómpre establecer o sistema de avaliación, a existencia de autorización dos centros de avaliación e as condicións para a anotación nas licenzas do nivel de competencia lingüística requirido, o que se leva a cabo nesta orde.

Respecto do nivel de competencia lingüística, a Organización de Aviación Civil Internacional definiu seis niveis, dos cales só os tres últimos son admisibles para o desempeño das funcións de piloto, de avión ou helicóptero, e de controlador de tránsito aéreo. A competencia lingüística dos pilotos e controladores aéreos que alcancen o nivel 4 ou 5 débese revisar periodicamente co fin de manter a capacidade requirida para as comunicacións radiotelefónicas.

En España, exclusivamente se practicarán anotacións do nivel de competencia lingüística en inglés e en castelán.

A determinación do nivel de competencia lingüística e a súa revisión periódica realizarase a través de centros avaliadores da competencia lingüística autorizados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea. Porén, posibilitase a anotación do nivel de competencia lingüística sen avaliación previa no caso de que o titular ou aspirante a unha licenza sexa falante nativo de inglés ou castelán, segundo proceda, ou posúa un título ou certificado que acredite un alto coñecemento do idioma.

Esta orde regula as habilidades lingüísticas que se deberán valorar en cada avaliación e as probas que se deberán realizar para determinar o nivel de competencia lingüística de

cada candidato, así como os requisitos que deberán cumprir os centros de avaliación de competencia lingüística e o persoal que desempeñe as funcións de avaliación neles.

Con carácter provisional e transitorio ata o 5 de marzo de 2011 a Axencia Estatal de Seguridade Aérea recoñecerá o requisito de competencia lingüística aos alumnos que dispoñan dunha licenza de controlador e aos controladores de tránsito aéreo en activo, en coherencia co previsto na Resolución A36-11 da Organización Internacional de Aviación Civil (OACI) relativa ao coñecemento do idioma inglés utilizado na comunicacións radiofónicas. Este recoñecemento provisional ampárase nos requisitos de competencia lingüística que se lles viñeron exixindo aos alumnos controladores e aos controladores de tránsito aéreo para o exercicio da súa actividade profesional e para a obtención dos títulos e licenzas habilitantes, conforme a normativa nacional aplicable.

Finalmente, regúlanse as condicións de anotación das atribucións de radiotelefonía en castelán nas licenzas de piloto. Isto é necesario dado que esta orde condiciona a anotación de competencia lingüística, neste caso, en castelán, a que o piloto dispoña de atribucións de radiotelefonía na lingua en que se trate.

Esta orde dítase en aplicación da disposición derradeira primeira do Real decreto 270/2000, do 25 de febreiro, e da disposición derradeira cuarta do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo, que autorizan o ministro de Fomento para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación dos seus preceptos.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Constitúe o obxecto desta orde establecer o sistema de avaliación de competencia lingüística, a autorización dos centros de avaliación e as condicións para a anotación do nivel de competencia lingüística exixible aos pilotos civís de avión e helicóptero, aos alumnos controladores aéreos e aos controladores civís de tránsito aéreo.

Ademais, regúlase a anotación de atribucións de radiotelefonía en castelán nas licenzas de piloto de avión e de helicóptero.

2. Esta orde aplicarase aos titulares dunha licenza de piloto de avión ou helicóptero, de alumno controlador e de controlador de tránsito aéreo expedida pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea. A avaliación do nivel de competencia lingüística dos alumnos piloto, de avión e helicóptero, está suxeita, igualmente, ao disposto nesta orde.

Así mesmo, están incluídas no ámbito de aplicación desta orde as organizacións que exerzan as súas funcións como centros de avaliación de competencia lingüística dos profesionais do sector aeronáutico.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta orde entenderase por:

a) Competencia lingüística: capacidade para falar e entender o idioma empregado nas comunicacións radiotelefónicas.

b) Centro avaliador da competencia lingüística: organización ou parte dunha organización, autorizada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, para realizar a avaliación do nivel de competencia lingüística.

c) Falante nativo: persoa que adquire unha lingua determinada dunha forma natural entre o seu nacemento e a primeira infancia, principalmente en interacción coa familia e cos membros da súa comunidade e, en menor medida, a través da escola.

## CAPÍTULO II

### Requisito de competencia lingüística

#### Artigo 3. *Anotación do requisito de competencia lingüística.*

1. Os titulares dunha licenza de piloto, de avión ou helicóptero, de alumno controlador de tránsito aéreo ou de controlador de tránsito aéreo emitida pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, deberán ter anotado na súa licenza o nivel de competencia lingüística requirido para o exercicio das súas funcións.

2. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea realizará unicamente anotacións do nivel de competencia lingüística nos idiomas castelán e inglés. Para obter a indicada anotación, os titulares dunha licenza de piloto deberán dispor, ademais, de atribucións de radiotelefonía no idioma de que se trate.

3. O nivel de competencia lingüística en castelán e inglés anotarase na licenza a través dunha «anotación de idioma», que se axustará ao resultado da avaliación da competencia lingüística do interesado.

#### Artigo 4. *Niveis de competencia lingüística e prazos de eficacia das anotacións.*

1. As anotacións do nivel de competencia lingüística referiranse aos seguintes niveis da escala de cualificación da competencia lingüística da Organización de Aviación Civil Internacional (OACI), recollida no anexo I:

- a) Nivel operacional (4).
- b) Nivel avanzado (5).
- c) Nivel experto (6).

2. As anotacións do nivel de competencia lingüística terán os seguintes períodos de eficacia:

- a) Anotación de nivel de competencia lingüística a nivel operacional (4): tres anos.
- b) Anotación de nivel de competencia lingüística a nivel avanzado (5): seis anos.
- c) Anotación de nivel de competencia lingüística a nivel experto (6): eficacia permanente.

3. A anotación do nivel de competencia lingüística correspondente aos niveis operacional (4) e avanzado (5) deberá ser renovada ao termo do seu prazo de eficacia, para o cal o interesado deberá someterse a unha nova avaliación do seu nivel de competencia lingüística.

4. O período de eficacia da anotación contarase a partir da data da súa expedición, no caso da primeira anotación, e da data de expiración da anotación anterior, nas sucesivas, sempre que se supere unha nova avaliación de conformidade co previsto no artigo 5.2 nos tres meses previos á data de caducidade da anotación.

No caso de que a renovación da anotación do nivel de competencia lingüística se efectúe despois de expirar a eficacia da anotación anterior, o novo período de eficacia contarase a partir da data en que se superou a avaliación.

#### Artigo 5. *Avaliación do nivel de competencia lingüística.*

1. Para obter ou renovar a anotación de idioma o interesado deberá superar como mínimo a avaliación do nivel operacional (4) de competencia lingüística.

2. Para renovar a anotación de idioma, o interesado deberá superar unha nova avaliación realizada por un centro avaliador.

#### Artigo 6. *Anotación do nivel de experto de competencia lingüística.*

Para obter a anotación de idioma correspondente ao nivel de experto (6), non se exixirá a avaliación prevista no artigo 5 nos seguintes supostos:

a) No caso do inglés, aos titulares dunha licenza que sexan falantes nativos desa lingua ou que acrediten ser titulares dalgunha titulación ou certificado equivalente ao nivel C2 (CEF) do Marco europeo de referencia para as linguas, no idioma inglés, que se obtivese dentro dos 12 meses precedentes á solicitude de anotación de idioma.

b) No caso do castelán, aos titulares dunha licenza que sexan falantes nativos desta lingua ou que acrediten ser titulares dalgunha titulación ou certificado equivalente ao nivel C2 (CEF) do Marco europeo de referencia para as linguas no idioma castelán ou do diploma de español como lingua estranxeira (DELE) a nivel superior que se obtivesen dentro dos 12 meses precedentes á solicitude de anotación de idioma.

#### Artigo 7. *Certificación do nivel de competencia lingüística.*

1. Para acreditar a superación das probas de competencia lingüística ante a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, os centros avaliadores da competencia lingüística expedirán ao interesado un certificado en que se faga constar o resultado da avaliación, de acordo coa escala de niveis indicada no anexo I.

No certificado deberán constar, ademais, os datos persoais do interesado, a data en que se realizou a avaliación e os datos do centro que a realizou.

2. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea aceptará como acreditación do nivel de competencia lingüística os certificados expedidos polos centros avaliadores autorizados doutros Estados en que se apliquen os requisitos conxuntos de aviación para a tripulación de voo (JAR FCL).

Tamén aceptará os certificados emitidos a controladores de tránsito aéreo, cando estes sexan expedidos nun Estado membro da Unión Europea, sempre e cando os centros fosen autorizados polas autoridades destes Estados para realizar a avaliación da competencia lingüística.

Para estes efectos, o interesado deberá achegar un certificado da autoridade correspondente en que se especifique que ese centro foi autorizado ou é aceptable por esa autoridade para realizar a avaliación da competencia lingüística.

### CAPÍTULO III

#### **Sistema de avaliación do nivel de competencia lingüística**

#### Artigo 8. *Probas de avaliación do nivel de competencia lingüística.*

1. O obxectivo da avaliación do nivel de competencia lingüística é determinar a capacidade para falar e comprender o idioma empregado nas comunicacións radiotelefónicas de acordo cos seguintes criterios:

a) Comunicarse eficazmente en situacións de trato oral unicamente mediante teléfono e radioteléfono e en situacións de contacto directo.

b) Comunicarse con precisión e claridade sobre temas comúns, concretos e relacionados co traballo.

c) Utilizar estratexias de comunicación apropiadas para intercambiar mensaxes e para recoñecer e solucionar malentendidos, así como para verificar, confirmar ou aclarar información nun contexto xeral ou relacionado co traballo.

d) Resolver satisfactoriamente e con relativa facilidade as dificultades lingüísticas que xurdan por complicacións ou cambios inesperados que ocorran dentro do contexto dunha situación de traballo ordinaria ou dunha función comunicativa que, polo demais, lle sexa familiar.

e) Utilizar un dialecto ou un acento que sexa intelixible para a comunidade aeronáutica.

2. As probas de avaliación deberán determinar as capacidades lingüísticas do interesado nas seguintes áreas, de acordo co nivel requirido segundo a escala recollida no anexo I:

- a) Pronuncia.
  - b) Estrutura.
  - c) Vocabulario.
  - d) Fluidez.
  - e) Comprensión.
  - f) Interacción.
3. A avaliación consistirá nas seguintes probas:
- a) Probas de comprensión auditiva.
  - b) Probas de expresión oral ou conversas, para avaliar a pronuncia, a fluidez, a estrutura e o vocabulario.
  - c) Entrevistas sobre temas comúns, concretos e relacionados co traballo do colectivo de que se trate.
  - d) Entrevistas que comprendan exclusivamente unha interacción verbal sen que exista contacto visual.
4. As probas de avaliación deberán ser deseñadas por persoal con formación e experiencia no desenvolvemento de probas de avaliación de idiomas, que estean familiarizados cos requisitos de OACI en materia de competencia lingüística.
5. As probas de avaliación poderanse realizar de forma combinada con outras actividades de formación ou adestramento.

#### Artigo 9. *Requisitos dos centros avaliadores de competencia lingüística.*

1. Poderán ser autorizados como centros avaliadores da competencia lingüística as organizacións, vinculadas ou non co sector aeronáutico, que dispoñan de medios e persoal adecuados para a actividade de avaliación da competencia lingüística.
2. Os centros de avaliación vinculados a unha entidade do sector aeronáutico serán independentes, polo menos funcionalmente, desta.
3. Os centros de avaliación deberán designar un administrador que conte con autoridade na organización para garantir que todas as súas actividades se leven a cabo de acordo co exixido nesta orde.  
Así mesmo, nomearán un responsable de calidade que garanta o establecemento e mantemento dun sistema de calidade para asegurar o cumprimento e a adecuación dos requisitos, estándares e procedementos de avaliación.
4. Os centros de avaliación da competencia lingüística contarán cun sistema de arquivo ao cal teña acceso a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, que permita conservar a documentación e os rexistros de avaliación por un período de, polo menos, seis anos.
5. Os centros de avaliación deberán elaborar un manual en que se describan os elementos do sistema de avaliación que aplicarán, os medios materiais con que contan, incluídas as súas instalacións, e o seu persoal. En particular, conterá unha descrición detallada, axustada aos requisitos de OACI sobre a materia, dos seguintes elementos:
  - a) Elementos administrativos: localización, verificación da identidade e vixilancia, disciplina, confidencialidade e seguridade.
  - b) Informes e documentos que se deben remitir á autoridade ou ao aspirante, incluíndo un modelo de certificado.
  - c) Definición clara do propósito das probas e do colectivo a que se dirixe, así como descrición das probas de que consta a avaliación, o seu responsable, fases en que se realiza e medios audiovisuais ou informáticos que se utilizarán, exemplos de avaliación e os criterios e estándares de avaliación, polo menos, para os niveis 4, 5 e 6 da escala.
  - d) Política de conservación de documentos e rexistros.
  - e) Procedemento de revisión para aqueles aspirantes que queiran recorrer contra a cualificación obtida.
  - f) Sistema de reavaliación para os aspirantes que obtivesen unha cualificación por debaixo do nivel operacional.

g) Persoal avaliador e de xestión. Indicarase a formación e a experiencia do persoal avaliador, así como os plans de formación, inicial e de refresco, requiridos para o persoal.

*Artigo 10. Sistema de calidade do centro avaliador.*

O sistema de calidade dos centros avaliadores comprenderá os seguintes aspectos:

- a) Xestión do centro.
- b) Política e estratexias do centro.
- c) Procedementos do centro.
- d) Grao de cumprimento das normas adoptadas pola Organización de Aviación Civil Internacional, a Axencia Europea de Seguridade Aérea e a Axencia Estatal de Seguridade Aérea relativas a estándares e procedementos de avaliación.
- e) Estrutura organizativa do centro.
- f) Responsabilidades en relación co desenvolvemento, establecemento e xestión do sistema de calidade.
- g) Documentación.
- h) Programa de aseguramento da calidade.
- i) Formación do persoal, inicial e de refresco.
- j) Requisitos para a avaliación.
- k) Satisfacción do cliente.

*Artigo 11. Autorización de centros avaliadores da competencia lingüística.*

1. Para realizar as funcións de centro avaliador da competencia lingüística deberase obter unha autorización outorgada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Na autorización fixaranse as condicións en que se exercerá a actividade. En particular, incluírá o persoal avaliador que exercerá a súa actividade no centro.

O período de eficacia da autorización será de dous anos. A renovación da autorización deberase solicitar, polo menos, tres meses antes da caducidade da autorización.

2. O centro avaliador deberá achegar, xunto coa solicitude, o seu manual, unha descrición do sistema de calidade que implantará e unha memoria descritiva do modo en que cumprirá os requisitos establecidos no artigo 9.

3. Calquera variación das condicións da autorización deberá ser previamente autorizada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

*Artigo 12. Requisitos do persoal avaliador da competencia lingüística.*

1. Poderán ser avaliadores do nivel de competencia lingüística os pilotos ou controladores de tránsito aéreo que teñan anotado nas súas licenzas o nivel experto (6) de competencia lingüística no idioma en que vaian avaliar, e os profesores de idiomas que recibisen a formación específica prevista no artigo 13.

2. Os centros de avaliación poderán organizar equipos de avaliación formados por pilotos ou controladores de tránsito aéreo e profesores de idiomas.

3. Os profesores de idiomas que desexen exercer como avaliadores da competencia lingüística deberán ter dous anos de experiencia nos catro anos previos ao inicio da súa actividade como avaliadores no ensino do idioma que van avaliar, e acreditar o seu nivel de competencia lingüística con algún dos seguintes certificados ou titulacións:

- a) Avaliadores do nivel de competencia lingüística en inglés:
  - 1.º Licenciatura en Filoloxía inglesa.
  - 2.º Licenciatura en Tradución e Interpretación, na especialidade de inglés.
  - 3.º Exame ACADEMIC do English Language Testing System (IELTS) cunha puntuación media de 7.0 ou superior, incluíndo un mínimo de 7.5 en comprensión auditiva e expresión oral.
  - 4.º Certificate of Proficiency in English (CPE) da Universidade de Cambridge.

5.º Outras titulacións equivalentes ao nivel C2 (CEF) do Marco europeo de referencia para as linguas.

b) Avaliadores do nivel de competencia lingüística en castelán:

1.º Licenciatura en Filoloxía hispánica.

2.º Diploma de Español como Lingua Estranxeira (DELE) de nivel superior.

3.º Outras titulacións equivalentes ao nivel C2 (CEF) do Marco europeo de referencia para as linguas.

Artigo 13. *Formación específica dos avaliadores da competencia lingüística e incompatibilidade.*

1. Os avaliadores deberán superar nos centros avaliadores un curso de formación inicial e outro de refresco cada 12 meses, tanto sobre técnicas de avaliación como sobre aspectos do contorno real en que se desenvolven as comunicacións aeronáuticas.

Exceptúanse da obriga de recibir formación relativa ás comunicacións aeronáuticas os avaliadores que sexan pilotos ou controladores de tránsito aéreo.

2. Os profesores de idiomas que desexen actuar como avaliadores recibirán un curso de comunicacións aeronáuticas dunha duración non inferior a 40 horas de formación teórica de acordo co programa establecido no anexo II. O curso deberá ser impartido, no centro avaliador que os vaia empregar, por un piloto ou controlador de tránsito aéreo con, polo menos, dous anos de experiencia no exercicio das atribucións da súa licenza.

Realizarán, así mesmo, unha sesión en simulador ou de voo real para se familiarizar co contorno real en que se desenvolven as comunicacións aeronáuticas.

3. Os avaliadores que impartan formación en idiomas non avaliarán aspirantes aos cales lles impartisen formación no idioma en que van ser avaliados.

4. Os centros avaliadores manterán un rexistro do persoal avaliador en que se incluírá a información relativa á súa formación, inicial e de refresco, e a súa capacidade avaliadora.

## CAPÍTULO IV

### Atribucións de radiotelefonía en castelán

Artigo 14. *Atribucións de radiotelefonía en castelán.*

Nas licenzas de piloto de avión ou helicóptero realizarase a anotación de radiotelefonía en castelán sempre que o interesado o solicite e xustifique que superou o exame de comunicacións e unha proba de pericia en voo ou unha verificación de competencia, durante as cales realizase comunicacións radiotelefónicas de dobre dirección en castelán.

Disposición adicional única. *Probas de avaliación do nivel de competencia lingüística no idioma inglés de alumnos controladores de tránsito aéreo e de controladores de tránsito aéreo desenvolvidas pola Organización Europea para a Seguridade da Navegación Aérea (EUROCONTROL).*

Os centros avaliadores que utilicen para a avaliación da competencia lingüística no idioma inglés as probas de avaliación desenvolvidas pola Organización Europea para a Seguridade da Navegación Aérea (EUROCONTROL) estarán exentos de cumprir co establecido nos artigos 8.4, 9.5 c) e 13.1 e 2, sempre e cando cumplan coas condicións establecidas por EUROCONTROL para o uso das probas de avaliación.

Disposición transitoria primeira. *Atribucións de radiotelefonía en castelán.*

Aos titulares dunha licenza de piloto de avión ou de helicóptero expedida pola autoridade aeronáutica civil española con anterioridade á entrada en vigor da presente orde recoñeceránselles e anotaráselles as atribucións de radiotelefonía en castelán.

Quedan exceptuados os pilotos que non sexan falantes nativos de castelán e seguisen os cursos de formación e as probas de voo integramente en inglés.

Disposición transitoria segunda. *Recoñecemento do requisito de competencia lingüística.*

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea recoñeceralles, con carácter provisional e transitorio ata o 5 de marzo de 2011, o requisito de competencia lingüística nivel 4 previsto no artigo 16 do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo, a aqueles controladores de tránsito aéreo que, dispondendo dunha licenza de controlador de tránsito aéreo expedida en España, estean en servizo na data de entrada en vigor desta orde.

O recoñecemento a que se refire o parágrafo anterior aplicaráselles tamén aos alumnos controladores de tránsito aéreo que estean en posesión dunha licenza de alumno controlador de tránsito aéreo expedida en España, e estean en período de prácticas no momento de entrada en vigor desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Execución e aplicación.*

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea e a Dirección Xeral de Aviación Civil, no ámbito das súas respectivas competencias, adoptarán as medidas necesarias para a aplicación e execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 6 de abril de 2010.–O ministro de Fomento, José Blanco López.



## ANEXO I

## Escala de cualificación da competencia lingüística: niveis experto, avanzado e operacional

Nivel	Pronuncia	Estructura	Vocabulario	Fluidez	Comprensión	Interaccións
Experto 6	Capacidade de expresión nun dialecto ou cun acento comprensible para a comunidade aeronáutica	A selección de estruturas gramaticais e patróns oracionais réxese polas funcións lingüísticas adecuadas para a tarefa	A variedade e precisión do vocabulario son suficientes para manter unha comunicación efectiva sobre unha ampla gama de temas, coñecidos ou non. O vocabulario é idiomático, presenta matizes e varía en función dos rexistros.	Capacidade para manter conversas prolongadas con fluidez. Utilización do fluxo verbal para crear efectos estilísticos (por exemplo, para destacar algún punto). Uso espontáneo de marcadores e conectores do discurso correctos.	Precisión sistemática na comprensión en case todos os contextos (o cal inclúe a comprensión de sutilezas lingüísticas e culturais).	Interacción fluída en case todas as situacións. É sensible a sinais verbais e non verbais e responde a eles correctamente.
Avanzado 5	A pronuncia, o acento tónico, o ritmo e a entoación vense afectados pola lingua materna ou polo dialecto propio, pero case nunca dificultan a comprensión.	Dominio sistemático das estruturas gramaticais e dos patróns oracionais básicos. Intentos de utilización de estruturas complexas, aínda que con erros que dificultan ás veces a expresión.	A variedade e precisión do vocabulario son suficientes para manter unha comunicación efectiva sobre temas comúns, concretos e relacionados co traballo. Uso sistemático da parafrase. O vocabulario é idiomático en ocasións.	Capacidade para manter conversas prolongadas sobre temas coñecidos con certa fluidez, pero sen variar o fluxo verbal como ferramenta estilística. Capacidade para utilizar marcadores e conectores do discurso correctos.	Precisión na comprensión cando se trata de temas comúns, concretos e relacionados co traballo. Precisión menor ante unha complicación ou unha evolución imprevisible dos acontecementos. Capacidade para comprender unha variedade de tipos de discurso (dialectos e acentos) ou de rexistros.	Respostas inmediatas, adecuadas e cargadas de información. Xestión eficaz da relación entre falante e oínte.
Operacional 4	A pronuncia, o acento tónico, o ritmo e a entoación vense afectados pola lingua materna ou polo dialecto propio, aínda que só dificultan a comprensión en ocasións.	Utilización creativa e dominio frecuente das estruturas gramaticais e dos patróns oracionais básicos. Pódense producir erros, especialmente en circunstancias pouco comúns ou inesperadas, aínda que sen dificultar, polo xeral, a expresión.	A variedade e precisión do vocabulario son, polo xeral, suficientes para manter unha comunicación efectiva sobre temas comúns, concretos e relacionados co traballo. Uso frecuente da parafrase para suplir a falta de vocabulario en circunstancias pouco comúns ou inesperadas.	Capacidade para producir unidades discursivas a un ritmo adecuado. Perdas ocasionais de fluidez na transición do uso de fórmulas ou textos ensaiados á interacción espontánea, aínda que sen impedir a comunicación efectiva. Uso limitado de marcadores ou conectores do discurso. Os retrousos non constitúen un factor de distracción.	Precisión xeneralizada na comprensión cando se trata de temas comúns, concretos e relacionados co traballo e o acento ou dialecto utilizado é suficientemente intelixible para a comunidade interacional de usuarios. Ante unha complicación no plano lingüístico ou situacional ou unha evolución imprevisible dos acontecementos, a comprensión pode ser máis lenta ou requirir estratexias de aclaración.	Respostas polo xeral inmediatas, apropiadas e cargadas de información. Iníciense e mantéñense intercambios incluso ante unha evolución imprevisible dos acontecementos. Xestión adecuada de malentendidos aparentes, mediante estratexias de comprobación, confirmación ou aclaración.



## ANEXO II

**Programa do curso de comunicacións para os profesores de idiomas que vaian actuar como avaliadores do nivel de competencia lingüística en inglés ou en castelán**

COMUNICACIÓNS	
<i>Comunicacións VFR e IFR</i>	
1.	Definicións
	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. Uso e significado dos termos asociados</li> <li>b. Abreviaturas dos servizos de tránsito aéreo</li> <li>c. Grupos de código Q usados comunmente en comunicacións RTF aire-terra</li> <li>d. Categoría das mensaxes</li> </ul>
2.	Procedementos operativos xerais
	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. Transmisión de letras</li> <li>b. Transmisión de números (incluído nivel de información)</li> <li>c. Transmisión da hora</li> <li>d. Transmisión técnica</li> <li>e. Palabras e frases normalizadas (incluída a fraseoloxía RTF máis importante)</li> <li>f. Sinais de chamada radiotelefónica para estacións aeronáuticas incluíndo o uso de chamadas abreviadas</li> <li>g. Sinais de chamada radiotelefónica incluíndo o uso de chamadas abreviadas</li> <li>h. Transferencia de comunicacións</li> <li>i. Procedementos de proba incluíndo a escala de recepción</li> <li>j. Requisitos de colación e recoñecemento</li> <li>k. Fraseoloxía de procedementos radar</li> <li>l. Cambio de nivel e informes</li> </ul>
3.	Termos relevantes da información meteorolóxica (VFR)
	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. Meteoroloxía de aeródromo</li> <li>b. Prognósticos meteorolóxicos</li> </ul>
4.	Actuación requirida que se debe adoptar en caso de fallo de comunicacións
5.	Procedementos en caso de emerxencia e urxencia
	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. Emerxencias (definición – frecuencias de busca – sinais de emerxencia – mensaxes de emerxencia)</li> <li>b. Urxencia (definición – frecuencias d – sinais de urxencia – mensaxes de urxencia)</li> </ul>